

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 14 de febreiro de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día catorce de febreiro de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(124).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(125).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS E A FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS “EL OLIVO” PARA A ORGANIZACIÓN DOS ACTOS DO ENTROIDO 2014. EXPTE. 5467/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10.02.14, o informe de fiscalización do 12.02.14, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Festas, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, a concelleira delegada da Área de Economía e Facenda e o concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio, que se achega ó expediente, para a colaboración e produción da programación dos eventos do Entroido 2014, coa Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, CIF G-36.791.291, e coa Federación de Peñas Recreativas El Olivo, CIF- G-36.704.666.

SEGUNDO.- Aprobar as bases técnicas de participación e convocatorias nos concursos de comparsas, carrozas e disfraces da edición do Entroido 2014.

TERCEIRO.- Autorizar un gasto total de 75.000,00 euros, para a produción e premios das actividades programadas, con cargo á bolsa de vinculación da partida presupostaria 3380.227.9906 (convenio organización entroido), a favor de:

- O 50% do importe (37.500,00 €) ao IBAN ES27 2100.5912.4802.0002.1010 domiciliada na entidade Banco Poupular, da que é titular a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, CIF G-36.791.291
- O 50 % do importe (37.500,00 €) ao IBAN ES21 2080.5020.0130.4002.3621 domiciliada en NovaGalicia Banco, da que é titular a Federación de Peñas Recreativas "El Olivo", CIF G-36.704.666.

PROPOSTA DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO, A AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS E A FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO" PARA A ORGANIZACIÓN DOS ACTOS DO ENTROIDO 2014.

Vigo, de febreiro de 2014

REUNIDOS

Dunha parte, D. Carlos López Font, Concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos en representación do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, con enderezo na cidade de Vigo, Praza do Rei, s/n; en adiante O CONCELLO.

Doutra parte, os representantes das seguintes entidades:

D. ROBERTO GIRÁLDEZ BARBEITOS presidente da AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS, CIF. G-36.791.291, enderezo social na rúa Ecuador nº 34 VIGO, e número de inscrición 386/95 no rexistro municipal de asociacións, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do secretario que figura na documentación do expediente.

e D. RAUL VILA CARIDE, presidente da FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO", CIF. G-36.704.666, enderezo social na praza Gallegos Ilustres, 36203 VIGO, e número de inscrición 143/90 no rexistro municipal de asociacións, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do secretario que figura na documentación do expediente.

En adiante, denominaranse "COMISIÓN COLABORADORA".

Intervindo ambas as dúas partes coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren, e recoñecendo mutuamente a capacidade legal suficiente, que din non teren limitada, para o outorgamento do presente Convenio

MANIFESTAN

1. Que o Entroido é un dos eventos festivos populares máis participativo e de maior arraigo na cidade de Vigo, no que a cidadanía toma a cidade como protagonista no canto de ser mera espectadora; a rúa como espazo privilexiado das festas.

2. Que o Concello de Vigo leva a cabo dende hai anos un labor importante de recuperación e impulso desta festividade, mediante a programación de actividades de animación socioculturais diversas, de concursos de comparsas, carrozas e disfraces; cun amplo programa de actuacións musicais e verbenas; animación infantil; enterro do meco, etc..

3. Que no Entroido participan activamente e de forma intensiva diversas entidades con carácter cultural, social e veciñal, aspecto que vén recollido na propia lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

4. Que dende o ano 1996 estanse a asinar convenios de colaboración entre estas entidades e o Concello de Vigo, cun resultado moi satisfactorio para ambas as partes. Por todo isto, as entidades que forman a COMISIÓN ORGANIZADORA amósanse interesadas e dispostas a organizar a programación da presente edición do Entroido na cidade de Vigo.

Polo que, en consideración ao antes exposto, o Concello de Vigo e as entidades referidas establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- O presente convenio ten por obxecto a organización da programación do ENTROIDO 2014 que se oferta á cidade de Vigo, segundo o proxecto de programa das actividades (anexo III) e bases dos diferentes concursos que se incorporan no anexo I deste convenio.

Segunda.- A programación do ENTROIDO 2014 levarase a cabo na cidade de Vigo nos días e lugares que aparecen na devandita programación: do 28 de febreiro, venres ao 5 de marzo, mércores.

A tal fin a produción destas actividades deberán suxeitarse ás normas e procedementos que se establecen na programación e bases técnicas, cumprindo en todo momento os principios de publicidade e concorrencia.

Terceira.-

1º.- O concello de Vigo establecerá unha contrapartida económica, con todos os conceptos e impostos incluídos por importe de 75.000,00 euros para o desenvolvemento da totalidade das actividades do ENTROIDO 2014, que se financiará con cargo ós créditos consignados no programa orzamentario da Concellería de Festas, da partida 3380.227.9906 (convenio organización entroido), do vixente exercicio económico. A desagregación deste orzamento figura no anexo II deste convenio, segundo o presentado pola COMISIÓN ORGANIZADORA.

2º.- O Concello de Vigo aboará a cantidade estipulada como contrapartida deste convenio, previa presentación da correspondente solicitude de pagamento, memoria final das actividades asinadas por ambas as dúas entidades, e certificado de conformidade do cumprimento asinado polo persoal técnico da Concellería de Cultura, Festas e Museos ás actividades realizadas; conforme as seguintes contías e mediante transferencia bancaria ás contas correntes:

- a) O 50% do importe (37.500,00 €) ao IBAN ES27 2100.5912.4802.0002.1010 domiciliada na entidade "La Caixa", da que é titular a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, CIF G-36.791.291;

- b) O 50 % do importe (37.500,00 €) ao IBAN ES21 2080.5020.0130.4002.3621 domiciliada en NovaGalicia Banco, da que é titular a Federación de Peñas Recreativas "El Olivo", CIF G-36.704.666.

Xunto coa solicitude de pagamento as entidades terán que presentar dentro dun prazo máximo de trinta días:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación dos actos celebrados, datos de participación, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.

- Relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acredor, número de factura, CIF/NIF, concepto facturado e importe.

- Facturas e demais documentos orixinais de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, polo importe subvencionado. Os ditos documentos, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención. Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Así mesmo terán que presentar xustificantes de pagamento dos premios recollidos nas actas do xurado dos dous concursos mencionados.

Cuarta.- Estabelécese a seguinte composición da comisión colaboradora, os cales serán os únicos interlocutores válidos da mesma xunto ó persoal técnico da Concellería de Cultura e Festas:

- Pola Agrupación de Centros deportivos e culturais: o interlocutor titular don Roberto Giráldez Barbeitos e o interlocutor suplente: Avelino Reimondez Rey
- Pola Federación de Peñas Recreativas "El Olivo": o Interlocutor titular don Raul Vila Caride e o interlocutor suplente: Camilo País Martínez.

Así mesmo, forman parte desta comisión en representación do Concello de Vigo, con funcións de supervisión, seguimento e control de todo o referente á organización, desenvolvemento e contratacións, a Xefa do Servizo de Festas e o Xefe do Servizo de xestión e promoción cultural.

Durante o desenvolvemento das actividades incluídas no programa, o responsábel da comisión organizadora estará en permanente contacto con todo o persoal despregado, así como cos membros de Policía Local, Protección Civil, e servizos de primeiros auxilios presentes. Así

mesmo, deberá estar en permanente contacto co persoal técnico do servizo de Festas da Concellería de Cultura e Festas. Para facer posíbel este cometido, a organización deberá dispor dun mínimo de dez portáfonos ao seu cargo, ademais de teléfonos móbiles ou outro sistema de comunicación similar, en perfecto estado de uso e coa suficiente batería para garantir esta función, durante todo o período de desenvolvemento da actividade.

Coa periodicidade necesaria, e previa comunicación cun mínimo dun día de antelación, estableceranse as reunións necesarias co obxecto de concretar os criterios organizativos para o desenvolvemento dos eventos e entrega da información escrita precisa acerca da organización dos mesmos.

A comisión presentará na Concellería de Cultura e Festas, nos tres días hábiles seguintes á finalización do programa, un informe das posíbeis incidencias acontecidas antes, durante e despois do seu desenvolvemento.

Quinta. - As obrigas que asume a COMISIÓN ORGANIZADORA respecto do Concello son as seguintes:

- *Planificación, seguimento, execución e produción integral do programa obxecto deste convenio, segundo o proxecto que figura no anexo I, e que foi confeccionado pola comisión organizadora.*
- *Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público, comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos e realizar, no seu caso, as correccións técnicas que resulten necesarias.*
- *Proporcionar toda a infraestrutura e o persoal de organización cualificado necesarios para as actividades comprendidas na programación obxecto do convenio, ademais de cubrir os desprazamentos necesarios. Así mesmo terán que nomear os/as "Xefes/as de Equipo" encargados da coordinación das persoas voluntarias inscritas na Oficina Municipal de Voluntariado, (ata oito xefes de equipo por entidade),*
- *Contratar todos os elementos necesarios para o programa, por exemplo:*
 - *Actuacións musicais, murgas, Merdeiros, orquestras e animacións de rúas.*
 - *Valados de seguridade, estrutura para persoas con mobilidade reducida, punto de nenos perdidos, megafonía no percorrido dos desfiles, portáfonos e outra necesaria.*
 - *Iluminación ornamental para os espazos adicados ao Entroido.*
 - *Escenografía do pregón, sentenza, xuízo, velorio e enterro do Meco.*
 - *Obradoiros e actividades lúdicas da programación infantil e xuvenil.*
 - *Carpa para o entroido infantil.*
 - *Servizos de cruz vermella.*
 - *Decoración dos palcos.*
 - *Reportaxe fotográfica.*
 - *Agasallos aos membros dos xurados.*
 - *Calquera outro necesario para o bo desenvolvemento do programa.*

- *Publicidade.*

Neste sentido, a comisión organizadora procurará sempre que sexa posible solicitar varios orzamentos para cada contratación que se realice, co obxecto de debatelos na comisión e escoller a opción máis vantaxosa, sobre todo no referente ás orquestras, material gráfico, animación infantil e material escenográfico.

5. Darlle á programación a maior difusión posíbel, utilizando os mecanismos habituais da Concellería de Cultura e Festas, e respectando a imaxe corporativa do Concello de Vigo. A tal fin utilizaranse os seguintes soportes informativos:

- *1.500 unidades de carteis referenciais do Entroido.*
- *20.000 unidades de programas de man informativos das actividades.*
- *1 lona para os fondos dos palcos, escenarios e percorridos, reproducindo o cartel do "Entroido 2014" e incorporando os logotipos das entidades colaboradoras e da Concellería de Cultura e Festas do Concello de Vigo.*

6. Dotar para a coordinación e desenvolvemento das actividades recollidas no programa o persoal que actuará como "Xefes/as de Equipo" para a coordinación das persoas voluntarias inscritas a través da Oficina Municipal de Voluntariado e como persoal de seguimento e control das actividades. Este persoal terá que levar de forma obrigatoria e en todo momento prendas identificativas.

Con respecto as persoas voluntarias voluntarios terán que estar rexistrados na Oficina Municipal de Voluntariado. Así mesmo levarán durante o desenvolvemento das actividades nas que participen, en concreto durante o concurso de comparsas e carrozas do día 9 de febreiro, o chaleco identificativo da Oficina Municipal de Voluntariado.

Tanto o personal contratado polas entidades, como as persoas voluntarias da Oficina Municipal de Voluntariado terán prohibido o consumo de alcohol o tabaco durante o desenvolvemento das actividades recollidas no programa.

7. Devolver os locais e equipamentos cedidos polo Concello nas mesmas condicións da entrega. As perdas ou deterioros destes materiais ou instalacións serán restituídas pola comisión organizadora, dentro do período de vixencia do presente convenio.

8. Comunicar os posíbeis cambios no programa que se puidesen producir, antes do seu comezo, para recabar a correspondente conformidade do persoal técnico do Servizo de Festas ás posibles modificacións. Así mesmo, deberán comunicar, á maior brevidade posíbel, calquera incidencia acontecida durante o desenvolvemento do programa (necesariamente deberase remitir informe escrito do feito acontecido por parte dos responsables da comisión).

9. Asumir todos os seguros relativos ás infraestruturas, carpas, actividades e espectáculos que se inclúen no programa e que procedan segundo a lexislación vixente: responsabilidade civil, accidentes, etc, para dar resposta ás posíbeis incidencias que se produzan durante o seu desenvolvemento e que serán total responsabilidade das entidades asinantes. As entidades presentarán copia destes seguros antes da sinatura do presente convenio.

10. Cumprir os horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa da Xunta de Galicia. Así mesmo, deberán cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ao respecto.

11. Presentar na Concellería de Cultura e Festas a memoria de execución, contendo a programación desenvolvida, datos de participación e asistentes, recursos utilizados, avaliación, balance de gastos e ingresos finais, relación detallada dos gastos executados cos datos do emisor da factura, CIF/NIF, data e importe con todos os impostos incluídos e retencións que proceda aplicar, memoria de prensa, rexistros fotográfico e audiovisual, incidencias).

12. Asumir a edición do material gráfico da programación do Entroido e da súa distribución, para o que deberá contar coa conformidade do persoal técnico da Concellería de Cultura e Festas. Neste sentido, esta concellería poderá facilitar á comisión organizadora o cartel referencial do Entroido que resulte gañador no concurso convocado ó efecto. Todo o material editado deberá contar cos depósitos legais correspondentes.

13. Deberán obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades e espectáculos incluídos no programa do Entroido 2014.

14. Xestionar e aboar os dereitos de autor que se xeren como consecuencia desta programación.

15. Organizar a distribución dos diferentes elementos que compoñen os desfiles de comparsas e enterro do Momo nos lugares de concentración e percorrido estabelecidos.

16. Asumir todos os gastos de produción e entrega dos premios derivados dos diferentes concursos de comparsas, carrozas, disfraces previstos, conforme as bases e convocatoria anual que se achega como anexo III a este convenio.

Sexta.- As obrigas que asume o Concello de Vigo son as seguintes:

- O Concello de Vigo comprométese a achegar a cantidade mencionada na cláusula terceira, para financiar a realización do programa do ENTROIDO 2014, segundo o presuposto que figura no anexo II.
- O servizo de Festas da Concellería de Cultura, Festas e Museos xestionará a presenza do persoal dos diferentes servizos municipais necesarios para a produción dos eventos, en particular os servizos de Policía Local, Protección Civil e Bombeiros, así como a xestión de todas aquelas accións que se derivan da reserva das instalacións municipais necesarias
- Determinará o xurado do concurso de comparsas e facilitará na medida do posíbel a tramitación interna de todos os permisos e autorizacións municipais necesarios para a realización das actividades do ENTROIDO 2014.

Sétima.- A participación en todas as actividades previstas no programa do Entroido serán gratuítas e dirixidas ó público en xeral, limitándose unicamente ao aforo dos recintos e espazos onde se leven a cabo.

Oitava.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese con base nas memorias e informes que presente a comisión organizadora e da presenza do persoal técnico da Concellería de Cultura e Festas nas propias actividades que se determinen.

Novena.- A produción e difusión de material gráfico relacionado coas actividades do programa serán asumidas integramente pola comisión organizadora. O material editado deberá contar coa conformidade do persoal técnico da Concellería de Cultura e Festas e disporá dos depósitos legais que lle correspondan. A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estarán integramente na lingua galega.

O logotipo e anagrama do Concello de Vigo, Concellería Cultura e Festas, figurará debidamente nos soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, a prelación en orde de tamaño será proporcional á contía achegada por cada unha delas.

A difusión ós medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, entrevistas, traballos, etc.) deberá estar acordada coa Concellería de Cultura e Festas.

Así mesmo, todo o persoal de organización ou relacionado coa mesma deberá utilizar o galego para dirixirse ao público asistente ás actividades do programa, e en todo caso cumprir co estipulado na Ordenanza Municipal de Normalización lingüística.

A comisión organizadora terá que acreditar as cantidades do material gráfico editado relacionado na cláusula quinta. 5, no momento de xustificar o cumprimento do convenio de acordo co estipulado na cláusula terceira.

Décima.- En caso dalgún incumprimento do clausulado do presente convenio, realizaranse os descontos e, no seu caso, devolucións correspondentes, de conformidade ao orzamento que figura no anexo II e cos prorrateos ós que tivese lugar.

Décimo primeira.- O presente convenio terá unha vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.

Décimo segunda.- O concelleiro da Área de Cultura, Festas e Museos queda facultada para solucionar as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan o seu cumprimento e desenvolvemento.

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado o presente convenio no lugar e data que se indican,

ANEXOS :

ANEXO I - Programa de actividades (obrante no expediente)

ANEXO II - Orzamento de execución (obrante no expediente)

ANEXO III - Bases dos concursos de comparsas e carrozas.

BASES E CONVOCATORIA DO CONCURSO DE COMPARSAS E CARROZAS DO ENTROIDO 2014.

Primeira.- O Servizo de Festas da Concellería de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo e a Comisión Colaboradora do Entroido 2014 convocan o tradicional concurso de comparsas e carrozas que se realizará o sábado 1 de marzo, dentro do programa de actividades e espectáculos do Entroido2014. Neste concurso poderán inscribirse todas aquelas comparsas integradas por un mínimo de 30 persoas.

Segunda.- As solicitudes de inscrición poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, en impreso normalizado para este fin, dende o día da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local ata o 21 de febreiro ás 13:30 horas. Todas aquelas solicitudes presentadas fóra deste prazo serán desestimadas calquera que sexa a causa do seu atraso. As bases publicitaranse a través de anuncio nos medios de comunicación local e estarán a disposición dos/as interesados/as na oficina de Información situada na lonxa da Casa do Concello e nas web municipal (www.vigo.org) e www.vigocultura.org.

Terceira.- Os premios establecidos para o concurso serán os seguintes:

PREMIOS XERAIS:

- 1º PREMIO: 2.500,00 €
- 2º PREMIO: 2.000,00 €
- 3º PREMIO: 1.500,00 €

14 ACCÉSIT non acumulables aos tres primeiros premios de:

- 500,00 euros para aquelas comparsas que teñan como mínimo 30 compoñentes.

Os premios serán indivisibles e algúns deles poderán quedar desertos, sobre todo no caso dos accésit, segundo a decisión do xurado do concurso. En caso de empate decidirá o voto de calidade do presidente do xurado.

Os aboamentos dos premios serán tramitados pola comisión colaboradora do Entroido 2014, constituída pola "Agrupación de Centros Deportivos e Culturais" e pola Federación de Peñas Recreativas "El Olivo", unha vez recibida a acta do xurado e estarán suxeitos á normativa fiscal que corresponda e dentro dun prazo máximo de 60 días.

Cuarta.- O número da orde das comparsas inscritas no desfile asignarase mediante sorteo público, que se realizará o 25 de febreiro, martes ás 12:00 horas, no auditorio municipal do Concello (praza do Rei, s/n).

Co obxecto de facilitar a organización deste concurso, resulta conveniente que algún representante de cada comparsa inscrita acuda a este sorteo.

Quinta.- A concentración e o desfile das comparsas inscritas farase o sábado 1 de febreiro nos seguintes lugares e horas:

► **CONCENTRACIÓN E MONTAXE DO DESFILE (17:00 horas):** Avda. de García Barbón entre a rotonda de Julian Estevez e a rotonda de Isaac Peral.

► **DESFILE (18:00 horas):** percorrido de Avda. de García Barbón (dende rotonda Isaac Peral), rúa Policarpo Sanz, Porta do Sol (remate)

Sexta.- As carrozas participantes no desfile de comparsas non poderán exceder das seguintes dimensións, sen contar a cabeza tractora:

Longo: 8'00 m. / Ancho: 3'50 m. / Alto: 4'50 m.

Dous membros da organización do Entroido recollerán as medidas de cada carroza nun acta que lle será entregada ao xurado antes do comenzo do desfile. En caso de que algunha das carrozas participantes incumpra as anteditas medidas quedarán excluídas directamente do desfile.

Así mesmo, e co obxecto de garantir a seguridade dos demais participantes e do público asistente, o persoal de organización e o xurado do concurso quedan facultados para excluír do desfile ou cambiar o seu posto da orde a calquera elemento das comparsas que se considere perigoso (animais de todo tipo, petardos, bengalas...).

Sétima.- As carrozas participantes terán que estar no lugar de concentración e montaxe do desfile a hora sinalada na base quinta (17,00 horas).

Aquelas comparsas que cheguen máis tarde das 17,30 horas terán que desfilan no último lugar. Así mesmo, as comarsas que pola razón que sexa, cheguen despois das 18,00 horas quedarán fora do concurso e non poderán ser valoradas polo xurado, máis poderán participar no último lugar do desfile, se o dexesan.

Dous membros da organización do Entroido 2014 recollerán a hora de chegada de cada comparsa nun acta que será entregada ao xurado antes do comezo do desfile.

Oitava.- A valoración dos criterios dos concursos estará determinada polo xurado, que estará composto por:

PRESIDENCIA: concelleiro de Cultura, Festas e Museos ou persoa en quen delegue.

VOGALIAS: dúas persoas vencelladas as artes creativas, medios de comunicación, cultura, etc.

un membro da comisión organizadora do Entroido 2014..

SECRETARÍA: un/ha técnico/a da Concellería de Cultura e Festas, con voz e sen voto.

O xurado terá liberdade de criterio para establecer as súas avaliación e cualificacións, pero deberá prestar atención a cuestións como: número de membros, vestiario, orixinalidade, coreografías e presenza de elementos complementarios como carrozas, harmonía, simpatía, etc.

As persoas membros do xurado avaliarán as comparsas participantes no desfile dende diferentes puntos do percorrido sen determinar, non haberá un palco de xurado.

Novena.- As comparsas inscritas deberán participar o día 1 de marzo, sábado no desfile de comparsas e carrozas, e poderán participar no cortexo de acompañamento as cinzas do Meco o día 5 de marzo, mércores.

Décima.- A decisión do xurado publicarase mediante a lectura da acta ao remate do sepelio do Meco que terá lugar na praza da Constitución o mércores 5 de marzo, ás 19:30 horas.

Será obrigatoria a presenza dalguha persoa membra de cada comparsa participante no concurso do día 5 de marzo, durante a lectura da acta dos premios. A non presenza desta implicará a renuncia ao premio.

Décima primería.- O concelleiro de Cultura, Festas e Museos queda facultado para resolver as posibles eventualidades ou controversias que poidan xurdir e non previstas nestas bases.

Décimo segunda.- A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases. A decisión do xurado é inapelable.

CONCURSO DE COMPARSAS E CARROZAS DO ENTROIDO 2014.

SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN

NOME E APELIDOS

.NIF

ENDEREZO

NÚMCP.....LOCALIDADE.....

TELÉFONO.....FAX.....Correo electrónico:

EN REPRESENTACIÓN:

≠ de si mesmo/a

IBAN/Nº conta bancaria (20 díxitos)

(Imprescindible achegar unha fotocopia compulsada do NIF e certificación bancaria).≠ da entidade denominada

CIF

ENDEREZO

NÚMCP.LOCALIDADE.....

TELÉFONO.....FAX.....Correo electrónico:

IBAN e Nº CONTA BANCARIA.....

(É imprescindible achegar unha fotocopia compulsada do CIF e certificación bancaria).

SOLICITA a inscrición da comparsa denominada

.....
.....
Número de compoñentes da comparsa (mínimo de 30)

Presenta carroza SI NON

En caso afirmativo, resulta imprescindible cubrir os seguintes datos:

LONGO ANCHO ALTO

(Compre ver nas bases do concurso as medidas máximas permitidas)

Presenta algún outro tipo de elemento (animais, automóbiles...) SI NON

En caso afirmativo, hai que indicar cales e o seu número

Vigo, de de 2014

SINATURA

EXCMO. ALCALDE DO CONCELLO DE VIGO

O número de orde de participación das comparsas inscritas nos desfiles decidírase mediante sorteo público o día 25 de febreiro, martes ás 12:00 horas, no auditorio municipal do Concello (Praza do Rei, 1).

BASES E CONVOCATORIA DE CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO 2014

Primeira.- O Servizo de Festas da Concellería de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo e a Comisión colaboradora do Entroido 2014 convocan o concurso de disfraces, que se realizará dentro do programa de actividades e espectáculos do Entroido na praza do Rei os días que se detallan a continuación e de acordo as modalidades seguintes:

- *Categoría individual infantil e grupo infantil conxuntado (até os 13 anos): o día 2 de marzo, domingo entre as 18,00 e as 20,00 horas na praza do Rei .*
- *Categoría individual xeral e grupo xeral conxuntado (máis de 14 anos): o día 3 de marzo, luns entre as 18,30 e as 20,30 horas na praza do Rei.*

Segunda.- *As inscricións para participar neste concurso realizaranse o mesmo día, entre ás 17:00 horas e as 18:00 horas, na praza do Rei para a categoría individual infantil e grupo infantil conxuntado (até 13 anos) e as 17,30 horas e as 18,30 para a categoría individual xeral e grupo xeral conxuntado (mais de 14). As bases publicitaranse a través de anuncio nos medios de comunicación local e estarán a disposición dos/as interesados/as na oficina de Información situada na lonxa da Casa do Concello e na web municipal.*

Terceira.- *Os premios establecidos para este concurso serán os seguintes:*

PRIMERIOS PREMIOS:

- *Bono regalo por importe de 100,00 € para a categoría individual infantil (até os 13 anos).*
- *100,00 € para categoría individual xeral (máis de 14 anos).*

- *Bono regalo por importe de 200,00 € para a categoría de grupo infantil conxuntado (até 13 anos).*
- *200,00 € para a categoría de grupo xeral conxuntado (máis de 13 anos)*

SEGUNDOS PREMIOS:

- *Bono regalo por importe de 75,00 € para a categoría individual infantil (até os 13 anos).*
- *75,00 € para categoría individual xeral (máis de 14 anos).*
- *Bono regalo por importe de 100,00 € para a categoría de grupo infantil conxuntado (até 13 anos).*
- *100,00 € para a categoría de grupo xeral conxuntado (máis de 14 anos)*

TERCEIROS PREMIOS:

- *Bono regalo por importe de 50,00 € para a categoría individual infantil (até os 13 anos).*
- *50,00 € para categoría individual xeral (máis de 14 anos).*
- *Bono regalo por importe de 75,00 € para a categoría de grupo infantil conxuntado (até 13 anos).*
- *75,00 € para a categoría de grupo xeral conxuntado (máis de 14 anos)*

ACCESIT: 4 accésit (un para cada categoría) por importe de 30,00 € cada un (no caso dos accésit infantís será por bono regalo polo correspondente valor).

Os premios serán indivisibles e algúns deles poderán quedar desertos, sobre todo no caso dos accésit, segundo a decisión do xurado do concurso. En caso de empate decidirá o voto de calidade do presidente do xurado.

Os aboamentos dos premios serán tramitados pola Comisión Colaboradora do Entroido 2014, constituída pola Agrupación de Centros Deportivos e Culturais e pola Federación de Peñas Recreativas "El Olivo", unha vez recibida a acta do xurado e estarán suxeitos á normativa fiscal que corresponda, nun prazo máximo de 60 días.

Cuarta.- A valoración dos criterios do concurso estará determinada polo xurado disposto na praza de Compostela, que estará composto por:

PRESIDENCIA: concelleiro de Cultura, Festas e Museos ou persoa en quen delegue.

VOGALIAS: dous membros da comisión organizadora do Entroido 2014.

SECRETARÍA: un/nha técnico/a da Concellería de Cultura, Festas e Museos con voz e sen voto.

Quinta.- A decisión do xurado farase pública ao remate do concurso na carpa instalada na praza do Rei.

Sexta.- O concelleiro de Cultura, Festas e Museos queda facultado para resolver as posibles eventualidades ou controversias que poidan xurdir e non previstas nestas bases.

Sétima.- A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases. A decisión do xurado é inapelabel.

CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO 2014.
SOLICITUDE DE INSCRICIÓN

NOME E APELIDOS

NIF

ENDEREZONÚMCP.....

LOCALIDADE.....

TELÉFONO.....FAX.....Correo

electrónico:

MODALIDADE NA QUE PARTICIPA:

▫ *Categoría individual infantil (até os 13 anos): día 2 de marzo, domingo entre as 18,00 e as 20,00 horas na praza do Rei.*

▫ *Grupo infantil conxuntado (até os 13 anos): día 2 de marzo, domingo entre as 18,00 e as 20,00 horas na praza do Rei.*

▫ *Categoría individual xeral (máis de 14 anos): o día 3 de marzo, luns entre as 18,30 e as 20,30 horas na carpa instalada na praza do Rei.*

▫ *Categoría grupo xeral conxuntado (máis de 14 anos): o día 3 de marzo, luns entre as 18,30 e as 20,30 na praza do Rei.*

NÚMERO DE ORDE DE PARTICIPACIÓN:

Vigo, de de 2014

SINATURA

EXCMO. ALCALDE DO CONCELLO DE VIGO

**3(126).- DISOLUCIÓN DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DA “UA 1 TOMADA”.
EXPT. 5111/401.**

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 5.02.14, conformado pola xefa de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

- I. O Pleno do Concello de Vigo en sesión de 29 de abril de 2002 acordou aprobar definitivamente o Estudio de Detalle da "Unidade de Actuación 1 Tomada", na parroquia de Navia (Expte 4407/411).
- II. Con data do 16 de abril de 1999, o Consello da xerencia municipal de Urbanismo aprobara definitivamente os Estatutos e Bases de actuación da Xunta de Compensación dese ámbito (Expte 4091/401).
- III. Con data do 23 de maio de 2002, o Consello da XMU aprobou a constitución da Xunta de Compensación da "U. A. 1 Tomada", outorgada con data do 6 de febreiro de 2002 por don Juan-Tomás Álvarez Rial e outros propietarios do polígono ante o notario de Vigo don José Luis Lorenzo Areán, ao núm. 275 do ano 2002 (275.02) do seu protocolo. Os propietarios incorporados representan o 97,881% da superficie do ámbito, dos que o 91,904% o realizaron mediante a escritura de constitución citada e o 5,977 restante por escritura de adhesión núm. 473.02 do protocolo do notario Sr. Piñeiro Prieto (Expte 4355/401); pola CMATI resolveuse ordenar a súa inscrición no Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras con data do 19 de agosto de 2002.
- IV. A Xunta de Goberno Local de data do 17 de decembro de 2007 acordou aprobar definitivamente o proxecto de compensación da "U. A. 1 Tomada"; posteriormente, pola Xunta de Goberno Local do 4 de agosto de 2008 acordouse a súa rectificación mediante operación xurídica complementaria (Expte 4747/401). O Consello da xerencia municipal de Urbanismo de 4 de abril de 2003 aprobou definitivamente o proxecto expropiatorio por taxación conxunta dos terreos non incorporadas á Xunta de Compensación (Expte. 162/413).
- V. Con data do 2 de marzo de 2009 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar definitivamente o proxecto de urbanización da "U. A. 1 Tomada" (Expte 4504/401) e pola Xunta de Goberno Local de data do 9 de decembro de 2010, acordouse aceptar a recepción definitiva das obras de urbanización contidas en dito proxecto subliñándolle á Xunta de Compensación que debería asumir a conservación da urbanización en tanto non se constituía unha entidade urbanística de conservación, de acordo co establecido no planeamento xeral que se executa e no 2.3.5 do PXOM vixente (Expte 4983/401).
- VI. Pola Xunta de Goberno Local de data do 28 de xaneiro de 2011 acordouse desestimar á Xunta de Compensación unha solicitude de dispensa da conservación de zonas verdes na "U. A. 1 Tomada", por non contar as zonas verdes do ámbito de referencia cunha superficie unitaria superior a 5.000 m² nos termos do artigo 2.3.5. do PXOM vixente e lembrar que a obriga da súa conservación corresponde á Xunta de Compensación nomeada en tanto non se constituía a correspondente entidade urbanística de conservación e se inscriba no rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras (Expte 4983/401).
- VII. Con data do 19 de abril de 2013 pola Xunta de Goberno Local acordouse aprobar a constitución da entidade urbanística de conservación da "U. A. 1 Tomada" e os seus Estatutos, elevados a escritura pública outorgada na data do 26 de febreiro de 2013 ante o notario don Antonio A. Salgueiro Armada, baixo o núm. 268 do seu protocolo (Expte 5092/401).
- VIII. Con data do 11 de decembro de 2013 por dona Susana Retorta Pousa, en calidade de liquidadora designada pola Xunta de Compensación da "U. A. 1 Tomada" en assemblea de 18 de xullo de 2013, achégase escritura pública de protocolización da disolución e liquidación da Xunta de Compensación do polígono da "U. A. 1 Tomada" acordada na

citada asamblea e outorgada ante o notario don José María Rueda Pérez con data do 27 de novembro de 2013 baixo o número 1.766 do seu protocolo -doc. núm. 130146313 do rexistro de entrada da xerencia municipal de Urbanismo-.

- IX. Mediante resolución da Secretaria Xeral de Ordenación do territorio e Urbanismo da CMATI de data do 22 de xaneiro de 2014 ordenouse a inscrición da entidade nomeada "Entidade Urbanística de Conservación da unidade de execución U.A. 1 Tomada", do Concello de vigo, no rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras, co número de rexistro 1/2014, no Tomo VII, páxina rexistral núm. 97 -doc. núm. 140013965 do rexistro de entrada da xerencia municipal de Urbanismo-.*

NORMATIVA EXAMINADA E DEREITO

- I. O contido do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vigo, aprobado de maneira definitiva de forma parcial pola Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia do día 16 de maio de 2008 -DOG núm. 106, de 3 de xuño de 2008 e BOP núm. 151, de 6 de agosto de 2008-; o día 13 de xullo de 2009, foi aprobado definitivamente o documento de cumprimento da Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes do 16 de maio de 2008 sobre aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vigo -DOG núm. 144, de 24 de xullo de 2009 e BOP núm. 175, de 10 de setembro de 2009-,*
- II. O Real Decreto legislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do solo e o Real Decreto 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da Lei do solo,*
- III. A Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas súas diversas modificacións -en diante LOUGA-,*
- IV. O Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo, en vigor en virtude da Disposición Transitoria Sexta da LOUGA,*
- V. O Real-Decreto 2159/1978, polo que se establece o regulamento de planeamento urbanístico -RPU- e o Real-Decreto 3288/1978, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística -RXU-, ambos con carácter supletorio,*
- VI. A Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro,*
- VII. A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, cuxa modificación mais importante foi pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local,*
- VIII. A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia,*
- IX. A Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa,*
- X. O Real Decreto 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao regulamento para a execución da Lei Hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da propiedade de actos de natureza urbanística,*

XI. Os Estatutos da xerencia municipal de Urbanismo, na súa versión consolidada aprobada polo Pleno do Concello en data do 6 de setembro de 2010 (BOP núm. 193 de 6 de outubro de 2010),

XII. O resto de disposicións que poidan afectar,

Á vista da documentación existente no expediente, emítase o seguinte INFORME/VALORACIÓN XURÍDICA

I. Cumprimento do obxecto e fins da Xunta de Compensación da “U.A. 1 Tomada”.-

Consonte ao establecido polo artigo 7 dos Estatutos definitivamente aprobados da Xunta de Compensación da U. A. 1 Tomada (BOP de Pontevedra núm. 19 de 4 de febreiro de 1999), o obxecto da Xunta de Compensación é a promoción e urbanización do polígono, utilizando o Sistema de Compensación, mediante o reparto equitativo entre os propietarios afectados dos beneficios e cargas da urbanización, ademais da actuación compensatoria sobre os terreos comprendidos no seu ámbito.

Tal e como foi sinalado nos antecedentes deste informe, con data do 17 de decembro de 2007 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar definitivamente o proxecto de compensación da “U.A. 1 Tomada” e posteriormente, pola Xunta de Goberno Local de 4 de agosto de 2008 acordouse a súa rectificación mediante operación xurídica complementaria. O proxecto de urbanización da “U. A. 1 Tomada” aprobouse definitivamente pola Xunta de Goberno Local de 2 de marzo de 2009 e a recepción definitiva das obras de urbanización contidas en dito proxecto aceptouse pola Xunta de Goberno Local de data do 9 de decembro de 2010 subliñándolle á Xunta de Compensación que debería asumir a conservación da urbanización en tanto non se contituise unha entidade urbanística de conservación de acordo co establecido no planeamento xeral que se executa e no 2.3.5 do PXOM vixente.

Neste senso, pola Xunta de Goberno Local de 19 de abril de 2013 acordouse aprobar a constitución da entidade urbanística de conservación da “U.A. 1 Tomada” e os seus Estatutos, elevados a escritura pública outorgada na data do 26 de febreiro de 2013 ante o notario don Antonio A. Salgueiro Armada, baixo o núm. 268 do seu protocolo e asemade, instar da Xunta de Galicia a súa inscrición no rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras.

Con data do 3 de febreiro de 2014 tivo entrada no rexistro da xerencia municipal de Urbanismo, baixo o núm. de doc. 140013965, resolución da Secretaria Xeral de Ordenación do territorio e Urbanismo da CMATI de data do 22 de xaneiro de 2014 ordenando a inscrición da entidade nomeada “Entidade Urbanística de Conservación da unidade de execución U.A. 1 Tomada”, do Concello de Vigo, no rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras, co número de rexistro 1/2014, no Tomo VII, páxina rexistral núm. 97.

II. Disolución da Xunta de Compensación da “U.A. 1 Tomada”.-

En canto á disolución e liquidación da Xunta de Compensación regúlase no Título VII, artigos 46 e 47. En canto á súa disolución dispón o artigo 46 que a Xunta de Compensación disolverase, entre outras causas, polo cumprimento do fin para o que foi constituída segundo os presentes Estatutos. De conformidade co artigo 47, acordada válidamente a disolución da entidade, o Consello reitor procederá á liquidación cumprindo as directrices e instrucións que ao efecto acorde a Asamblea Xeral; o

patrimonio común si o houberse, distribuírase entre os asociados en proporción a súa participación na Xunta de Compensación.

De conformidade co artigo 19.i) dos Estatutos é unha facultade da Asamblea Xeral acordar a disolución da Xunta de Compensación con arranxo ao previsto nestos Estatutos.

No tocante á convocatoria, consonte o artigo 20 dos Estatutos as reunións da Asamblea Xeral e ordinaria serán convocadas polo Presidente do Consello reitor mediante carta certificada remitida ao domicilio sinalado a estos efectos polos membros asociados á Xunta con oito días hábiles ao menos á data en que teñan que celebrarse e fixando coa mesma antelación un anuncio no domicilio social. En canto ás funcións do Presidente, o artigo 31.a) contempla convocar, presidir, suspender e levantar as sesións da Asamblea Xeral e do Consello reitor e executar e facer cumprir os seus acordos; non obstante, de conformidade co artigo 33.a) corresponde ao Vicepresidente exercer nos casos de vacante, ausencia, imposibilidade ou enfermidade do Presidente, todas as facultades que correspondan ao Presidente.

Neste senso, a Asamblea Xeral de 18 de xullo de 2013 convocouse polo Vicepresidente don Edelmiro Abreu Fernández con motivo do falecemento do Presidente don Juan Álvarez Rial, quedando a Xunta válidamente constituída en primeira convocatoria ao concorrer o 97,416% dos seus membros.

Foron formalizados os acordos de disolución e liquidación da Xunta de Compensación do polígono da “U. A. 1 Tomada” adoptados na asamblea xeral de 18 de xullo de 2013 en escritura pública outorgada ante o notario don José María Rueda Pérez con data do 27 de novembro de 2013 baixo o número 1.766 do seu protocolo.

Noutro orden de cousas, cabe traer a colación e destacar o artigo 30 do RXU que dispón que “1. A disolución das entidades urbanísticas colaboradoras producírase polo cumprimento dos fins para os que foron creadas e requirirá, en todo caso, acordo da Administración urbanística actuante. 2. Non procederá a aprobación da disolución da entidade mentres non conste o cumprimento das obrigas que estean pendentes”.

III. Órgano competente.-

Será órgano competente para a adopción do presente acordo, en aplicación do disposto nos artigos 154 e ss da LOUGA en relación co artigo 30.1 do RXU e consonte ao previsto polo artigo 127.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, a Xunta de Goberno Local previa proposta do Consello da xerencia municipal de Urbanismo, de conformidade co artigo 10.1.j) en relación co artigo 3 dos Estatutos da xerencia municipal de Urbanismo.

Visto o que antecede e a normativa de aplicación, PROPONSE a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar a disolución da Xunta de Compensación da “U.A. 1 Tomada” constituída mediante escritura pública outorgada con data 6 de febreiro de 2002 por don Juan-Tomás Álvarez Rial e outros propietarios do polígono, ante o notario de Vigo, don José Luis Lorenzo Areán, baixo o número douscentos setenta e cinco do seu protocolo. Os propietarios incorporados representan o 97,881% da superficie do ámbito, dos que o 91,904% o realizaron mediante a escritura de consituición citada, e o 5,977% restante por escritura de adhesión núm. 473 do protocolo do notario don José Piñeiro Prieto e que foi inscrita no Rexistro de entidades

urbanísticas colaboradoras mediante resolución do director xeral de Urbanismo da C.P.T.O.P.V. de data do 19 de agosto de 2002, co número 75/02.

SEGUNDO: Remitir o presente acordo xunto coa copia debidamente dilixenciada da escritura pública de disolución e liquidación da referida Xunta de Compensación, outorgada ante o notario don José María Rueda Pérez con data do 27 de novembro de 2013, baixo o núm. 1.766 do seu protocolo, ao Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras da CMATI, a fin de que proceda á práctica da inscrición que proceda.

TERCEIRO: Notificar aos interesados o presente acordo, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra o mesmo caberá interpoñer alternativamente, recurso potestativo de reposición no prazo dun (1) mes oudirectamente, recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses, a contar ambos prazos dende o día seguinte á notificación do presente acordo.”

Non obstante, o órgano resolutorio decidirá, co seu superior criterio, o que estime mais oportuno.

O Consello da Xerencia municipal de Urbanismo, en sesión do 14.02.14, acorda elevar o expediente á Xunta de Goberno Local para a súa consideración.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(127).- DISOLUCIÓN DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DO “PLAN PARCIAL GANDARIÑA”. EXPTE. 5113/401.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 11.02.14, conformado pola xefa de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

- I. O “Plan Parcial Gandariña-2”, ámbito de planeamento delimitado polo PXOU-93, foi definitivamente aprobado polo Pleno do Concello en sesión ordinaria de 29 de xaneiro de 2007 (Expte 7733/411), publicándose dito acordo no DOG núm. 35 de 19 de febreiro de 2007, así como no BOP núm. 35 da mesma data xunto coa súa normativa e Ordenanzas de aplicación.*
- II. Pola Xunta de Goberno Local de 9 de xullo de 2007 acordouse aplicar á xestión do sector correspondente ao “Plan Parcial de Gandariña” o modelo xeral de Estatutos e Bases de Actuación aprobado polo Consello da xerencia municipal de Urbanismo de 11 de decembro de 2003 (BOP núm. 1, de 2 de xaneiro de 2004) e aprobar a constitución da Xunta de Compensación do devandito polígono, efectuada por escritura de 8 de maio de 2007 ante o Notario de Vigo don José Riol López, baixo o núm. 1.433 do seu protocolo (Expte 4753/401). Foi inscrita no rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras da Xunta de Galicia, mediante resolución do Director Xeral de Urbanismo da C.P.T.O.P de 17 de setembro de 2007, co número 25/07.*
- III. Con data do 14 de xaneiro de 2008 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar definitivamente o proxecto de compensación do polígono (Expte 4777/401), coas observacións contidas na parte dispositiva deste acordo. E con data do 7 de abril de 2008 inadmitiuse un recurso de reposición achegado contra este acordo de aprobación*

definitiva, así como a realización dunha operación xurídica complementaria ao proxecto de compensación do polígono único do "Plan Parcial Gandariña".

- IV. Tamén pola Xunta de Goberno Local de data do 7 de abril de 2008 acordouse aprobar definitivamente o proxecto de urbanización do "Plan Parcial Gandariña" elaborado polos arquitectos don Alberto Cameselle Lago, don Alberto Cominges Molins e don Pedro de la Puente Crespo, con datas de visado de 27 de febreiro e 1 de agosto de 2007, acompañados polos planos achegados no trámite de información pública o 8 e 11 de xaneiro de 2008, visados do COAG de datas 8 e 10 de xaneiro de 2008 e así mesmo, incorporar o documento complementario elaborado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos don Julio Roberes de Cominges, visado con data do 16 de xaneiro de 2008 (Expte 4752/401).
- V. Con data do 2 de xullo de 2009, a Xunta de Goberno Local acordou recibir parcialmente as obras de urbanización (Expte 4910/401).
- VI. A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 15 de xuño de 2009, acordou declarar a innecesariedade de constituír unha Entidade de Conservación para o polígono único do "Plan Parcial Gandariña-2", toda vez que a superficie unitaria da zona verde por conservar (6.300 m²) é superior á establecida como máxima no artigo 2.3.5.2.b) das Normas Urbanísticas do vixente PXOM (5.000 m²), precisando que con todo, a obriga de conservación da urbanización corresponderá á Xunta de Compensación ata a completa recepción da mesma por parte do Concello (Expte 4913/401).
- VII. A recepción definitiva das obras de urbanización do "Plan Parcial Gandariña-2 B" do proxecto de urbanización definitivamente aprobado e completado co proxecto de "Mellora e acondicionamento do acceso existente no p.k. 5+000 da Autovía A-55", autorizado polo Director Xeral de Estradas o día 24 de marzo de 2010, de conformidade co informe de data do 18 de marzo de 2013 do Adxunto ao Director dos Servizos Técnicos, acordouse pola Xunta de Goberno Local de data do 22 de marzo de 2013 (Expte 5077/401).
- VIII. Con data do 19 de decembro de 2013 por Juan Manuel Pérez Pamies en calidade de Presidente da Xunta de Compensación do "Plan Parcial Gandariña 2" achégase escrito instando a aprobación da disolución desta entidade urbanística colaboradora -doc. núm. 130150937 do rexistro de entrada da xerencia municipal de Urbanismo-.

NORMATIVA EXAMINADA E DEREITO

- I. O contido do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vigo, aprobado de maneira definitiva de forma parcial pola Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia do día 16 de maio de 2008 -DOG núm. 106, de 3 de xuño de 2008 e BOP núm. 151, de 6 de agosto de 2008-; o día 13 de xullo de 2009, foi aprobado definitivamente o documento de cumprimento da Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes do 16 de maio de 2008 sobre aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vigo -DOG núm. 144, de 24 de xullo de 2009 e BOP núm. 175, de 10 de setembro de 2009-,
- II. O Real Decreto legislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do solo e o Real Decreto 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da Lei do solo,

- III. *A Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas súas diversas modificacións -en diante LOUGA-,*
- IV. *O Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo, en vigor en virtude da Disposición Transitoria Sexta da LOUGA,*
- V. *O Real-Decreto 2159/1978, polo que se establece o regulamento de planeamento urbanístico -RPU- e o Real-Decreto 3288/1978, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística -RXU-, ambos con carácter supletorio,*
- VI. *A Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro,*
- VII. *A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, cuxa modificación mais importante foi pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local,*
- VIII. *A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia,*
- IX. *A Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa,*
- X. *O Real Decreto 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao regulamento para a execución da Lei Hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da propiedade de actos de natureza urbanística,*
- XI. *Os Estatutos da xerencia municipal de Urbanismo, na súa versión consolidada aprobada polo Pleno do Concello en data do 6 de setembro de 2010 (BOP núm. 193 de 6 de outubro de 2010),*
- XII. *O resto de disposicións que poidan afectar,*

Á vista da documentación existente no expediente, emítase o seguinte INFORME/VALORACIÓN XURÍDICA

- I. *Cumprimento do obxecto e fins da Xunta de Compensación do "P. P. Gandariña-2".-*

Consonte ao establecido polo artigo 3.1 do modelo xeral de Estatutos e Bases de Actuación definitivamente aprobados polo Consello da xerencia municipal de Urbanismo de 11 de decembro de 2003 (BOP de Pontevedra núm. 1 de 2 de xaneiro de 2004) que se aplican á xestión deste sector, o obxecto da Xunta de Compensación consiste na xestión e execución da urbanización do Polígono de referencia polo sistema de compensación, mediante o reparto equitativo entre os propietarios afectados dos beneficios e cargas da urbanización.

Tal e como foi sinalado nos antecedentes deste informe, con data do 14 de xaneiro de 2008 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar definitivamente o proxecto de compensación do "P. P. Gandariña-2" e posteriormente, pola Xunta de Goberno Local de 7 de abril de 2008 acordouse a súa rectificación mediante unha operación xurídica complementaria.

O proxecto de urbanización do "P. P. Gandariña-2" aprobouse definitivamente pola Xunta de Goberno Local de 7 de abril de 2008 que asemade incorporou ao proxecto de

urbanización aprobado un documento complementario e finalmente, pola Xunta de Goberno Local de data do 22 de marzo de 2013 acordouse a recepción definitiva das obras de urbanización do "Plan Parcial Gandariña-2 B", entendendo por tales as do proxecto de urbanización definitivamente aprobado e completado co proxecto de "Mellora e acondicionamento do acceso existente no p.k. 5+000 da Autovía A-55", autorizado polo Director Xeral de Estradas o día 24 de marzo de 2010, de conformidade co informe de data do 18 de marzo de 2013 do Adxunto ao Director dos Servizos Técnicos (Expte 5077/401).

II. *Disolución da Xunta de Compensación do "P. P. Gandariña-2".-*

A disolución e liquidación da Xunta de Compensación regúlase no Título VII do modelo xeral de Estatutos e Bases de actuación aprobados, artigos 42 e 43. No tocante á súa disolución dispón o artigo 42.1 que a Xunta de Compensación disolverase, entre outras causas, polo cumprimento do fin para o que foi constituída segundo estes Estatutos. En canto á liquidación, de conformidade co artigo 43 acordada válidamente a disolución da Entidade, o Consello reitor procederá á súa liquidación; o patrimonio común si o houberse, distribuirase entre os asociados en proporción a súa participación na Xunta de Compensación.

Asemade, cómpre sinalar que de conformidade co artigo 19.m) dos Estatutos é unha facultade da Asamblea Xeral acordar a disolución da Xunta de Compensación de acordo co previsto nestes Estatutos, así como que consonte ao artigo 10, o Concello de Vigo integrárase automaticamente na Xunta de Compensación, ao igual que o resto de administracións públicas titulares de bens de dominio público no ámbito de actuación; por outro lado, o artigo 15 dispón que son dereitos dos membros da Xunta de Compensación, asistir por sí ou por medio de representante acreditado ás sesións da Asamblea Xeral e no tocante á convocatoria, o artigo 20 dos Estatutos establece que as xuntanzas da Asamblea Xeral serán convocadas polo Presidente, mediante carta certificada con acuse de recibo, burofax ou calquer outro medio que deixe constancia da súa recepción polo interesado.

Logo de ver o escrito de data do 19 de decembro de 2013 polo que o Presidente da Xunta de Compensación do "Plan Parcial Gandariña 2" solicitou a súa disolución, pola xerente municipal de Urbanismo notificouse a necesidade de que a disolución fose acordada en Asamblea Xeral convocando debidamente a estos efectos ao Concello, que unha vez acordada a disolución achegaríase a correspondente acta asinada polo Secretario co Visto e Prace do Presidente e que o acordo de disolución da entidade debería estar formalizado en escritura pública. Consta aviso de recibo de notificación do Servizo de Correos de 30 de xaneiro de 2014.

Con data do 31 de xaneiro de 2014 achégase por rexistro da xerencia municipal de Urbanismo a necesaria convocatoria asinada polo Presidente da Xunta de Compensación dirixida á representante municipal para asistir á Asamblea Xeral da Xunta de Compensación do "Plan Parcial Gandariña 2" a celebrar con data do 6 de febreiro de 2014 na notaría de don Pedro Riol López, tendo como puntos da súa orde do día, informar sobre o contido do requirimento recibido da xerencia de Urbanismo para protocolizar o acordo de disolución e liquidación en escritura pública, así como ratificar, se procede, o contido do acordo de disolución e liquidación da Xunta de Compensación adoptado na Asamblea Xeral celebrada con data do 19 de decembro de 2013, por terse cumprido satisfactoriamente coa totalidade dos fins para os que foi constituída -doc. núm. 140013644-.

Con data do 7 de febreiro de 2014 por don Juan Manuel Pérez Pamies en calidade de Presidente da Xunta de Compensación, achégase acta notarial autorizada por don José Pedro Riol López, co número 78 do seu protocolo, de presenza da Asamblea Xeral que se celebrou con data do 6 de febreiro na súa notaría de Vigo e na que os comparecentes ratifican o acordo de disolución e liquidación aprobado por unanimidade na Asamblea Xeral celebrada con data do 19 de decembro de 2013 dándose a representante municipal por notificada do mesmo.

Noutro orden de cousas, cabe traer a colación e destacar o artigo 30 do RXU que dispón que "1. A disolución das entidades urbanísticas colaboradoras producirase polo cumprimento dos fins para os que foron creadas e requirirá, en todo caso, acordo da Administración urbanística actuante. 2. Non procederá a aprobación da disolución da entidade mentres non conste o cumprimento das obrigas que estean pendentes".

III. Órgano competente.-

Será órgano competente para a adopción do presente acordo, en aplicación do disposto nos artigos 154 e ss da LOUGA en relación co artigo 30.1 do RXU e consonte ao previsto polo artigo 127.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, a Xunta de Goberno Local previa proposta do Consello da xerencia municipal de Urbanismo, de conformidade co artigo 10.1.j) en relación co artigo 3 dos Estatutos da xerencia municipal de Urbanismo.

Visto o que antecede e a normativa de aplicación, PROPONSE a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar a disolución da Xunta de Compensación do "Plan Parcial Gandariña 2" constituída mediante escritura pública outorgada con data do 8 de maio de 2007 ante o notario de Vigo don José Riol López, baixo o número 1.433 do seu protocolo e que foi inscrita no Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras mediante resolución do director xeral de Urbanismo da C.P.T.O.P. de data do 17 de setembro de 2007, co número 25/07.

SEGUNDO: Remitir o presente acordo xunto coa copia debidamente dilixenciada da acta notarial de disolución e liquidación da referida Xunta de Compensación, autorizada polo notario don José Pedro Riol López con data do 6 de febreiro de 2014, baixo o núm. 178 do seu protocolo, ao Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras da CMATI, a fin de que proceda á práctica da inscrición que proceda.

TERCEIRO: Notificar aos interesados o presente acordo, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra o mesmo caberá interpoñer alternativamente, recurso potestativo de reposición no prazo dun (1) mes oudirectamente, recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses, a contar ambos prazos dende o día seguinte á notificación do presente acordo. ""

Non obstante, o órgano resolutorio decidirá, co seu superior criterio, o que estime mais oportuno.

O Consello da Xerencia municipal de Urbanismo, en sesión do 14.02.14, acorda elevar o expediente á Xunta de Goberno Local para a súa consideración.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.